



CONCELLOS

FOZ

Anuncio

Aprobación definitiva Modificación de Créditos 27/2022, Modalidade "Suplemento de Crédito 02/2022"

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 10/11/2022, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 2/2022.

Visto o certificado de Secretaría no que consta que non houbo alegacións durante o tempo de exposición pública previsto na lexislación vixente.

En cumprimento do artigo 169.3, por remisión do 177.2, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello o cal se fai público co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	EUROS
2	GASTO CORRIENTE EN BIENES Y SERVICIOS	796.146,63 €
6	INVERSIONES REALES	6.076 €
	TOTAL DE LA MODIFICACIÓN	802.222,63 €

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	EUROS
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	802.222,63 €
	TOTAL DE LA MODIFICACIÓN	802.222,63 €

Contra ou presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Foz, 12 de decembro de 2022.- Oalcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3668

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 30 de novembro de 2022, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 5º bimestre de 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da

publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre 15 de decembro de 2022 e o 15 de febreiro de 2022.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 30 de novembro de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3669

GUITIRIZ

Anuncio

ANUNCIO DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DETERMINACION DE DATA, HORA E LUGAR DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE FASE DE OPOSICIÓN NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 1 LIMPADOR/A FIXO-DESCONTINUO MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 228/2021.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello e Guitiriz ditou resolución de data 09/12/2022 onde se determina o tribunal e a data lugar e hora da realización das probas para selección de 1 limpador fixo discontinuo.

Desígnanse ós seguintes membros do tribunal do proceso selectivo:

Presidente:

Titular: Ines María Vázquez Cebeira, Traballadora Social do Concello de Guitiriz.

Vogais:

1ª titular: Mónica Paz Ferreiro, Conserxe do Concello de Guitiriz

2º titular: Sandra Freire del Valle; administrativa do Concello de Guitiriz.

3º titular; Yolanda Novo López; administrativa do Concello de Guitiriz.

Secretario;

José Cornide Río; técnico do Concello de Guitiriz

Actuaran de suplentes de calquera dos membro do tribunal;

Pablo Portela Fernández, secretario do Concello de Guitiriz

María Vázquez Picado, terapeuta do Concello de Guitiriz

A data de constitución do tribunal será o día 27 de Decembro de 2022 ás 8:30h na casa Consistorial do Concello de Guitiriz .

Convocase aos aspirantes para a realización da primeira, segunda e, aqueles obrigados, terceira proba o seguinte día, hora e o lugar que se detalla a continuación:

- Días; Martes 27 de decembro de 2022 ás 10:30h (realizarase a primeira proba e seguidamente a segunda e a terceira) .
- Lugar; Aula CEMIT sita na rúa do Concello, 42 - Guitiriz (Detrás da Escola Habanera)

Guitiriz, 9 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3646

Anuncio

Corrección anuncio bases e convocatoria para a selección de 1 técnico/a de turismo o/a como persoal laboral fixo mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal. Expte: 450/2022

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data de 16/11/2022 aprobáronse as bases e convocatoria para a selección de 1 técnico/a de turismo o/a como persoal laboral fixo mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal.

No BOP de Lugo número 276 de data 2 de decembro de 2022 publicouse o anuncio coa devandita convocatoria e bases e detectado un erro no punto 6ª das mesmas publicase a presente corrección:

Onde di:

<< 6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6.1. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

- **Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)**

- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado ou documento que acredite de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización. Si se tratase de servizos prestados na administración convocante expedirase de oficio o certificado de servizos prestados polo departamento de persoal, non sendo necesaria a petición do/a interesado/a

- **Formación (puntuación máxima de 40 puntos)**

- Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das Administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos da base terceira das presentes bases, do seguinte xeito:

Puntos por hora; 0,08.

Non se valorarán máis de unha edición correspondente a un mesmo curso nin os pertencentes a unha carreira universitaria, as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica, os e doutorado. Non se valorarán os cursos ou estudos que non especifiquen o número de horas realizadas polos/as aspirantes.>>

Debería dicir:

<< 6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

A) Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)

1. Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.

2. Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.

3. Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.

4. Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Para acreditar a experiencia laboral será necesario presentar informe da vida laboral e certificado ou documento que acredite de maneira irrefutable os servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, e data de inicio e finalización. Si se tratase de servizos prestados na administración convocante expedirase de oficio o certificado de servizos prestados polo departamento de persoal, non sendo necesaria a petición do/a interesado/a

B) Formación (puntuación máxima de 40 puntos)

- Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das Administracións públicas ou homologados por estas, sempre que non sexan requisitos da base terceira das presentes bases, do seguinte xeito:

Puntos por hora; 0,08.

Non se valorarán máis de unha edición correspondente a un mesmo curso nin os pertencentes a unha carreira universitaria, as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica, os e doutorado. Non se valorarán os cursos ou estudos que non especifiquen o número de horas realizadas polos/as aspirantes.>>

Guitiriz, 9 de decembro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3647

Anuncio

Corrección anuncio bases e convocatoria para a selección de 1 administrativo/a funcionario/a de carreira mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal. Expte: 449/2022

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data de 16/11/2022 aprobáronse as bases e convocatoria para a selección de 1 administrativo/a funcionario/a de carreira mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal.

No BOP de Lugo número 275 de data 1 de decembro de 2022 publicouse o anuncio coa devandita convocatoria e bases e detectado un erro no punto 6ª das mesmas publicase a presente corrección:

Onde di:

<<6ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

- **Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)**

- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.>>

Debería dicir:

<< **6ª.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

O procedemento de selección será o de concurso consistirá na realización dunha única fase de concurso.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados na fase de concurso, cun total de entre 0 e 100 puntos.

6. Fase de concurso (puntuación máximo de 100 puntos)

Consistirá na valoración dos seguintes méritos:

A) Experiencia profesional (puntuación máxima de 60 puntos)

1. Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do mesmo posto de traballo ao que aspira: 0,50 puntos.

2. Por cada mes completo de servizos prestados na administración convocante como persoal funcionario interino no corpo ou escala similar ou superior ; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,40 puntos.

3. Por cada mes completo de servizos prestados en outras administracións locais distintas da administración convocante como persoal funcionario interino no mesmo corpo ou escala; ou como persoal laboral temporal na categoría profesional do posto de traballo ao que aspira: 0,25 puntos.

4. Por cada mes completo de servizos prestados en outras Administracións públicas distintas da administración convocante como persoal interino no corpo ou escala similar ou superior; ou como persoal funcionario laboral temporal na categoría profesional similar ou superior do posto de traballo ao que aspira: 0,20 puntos.

(...) >>

Guitiriz, 9 de decembro de 2022.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3648

LUGO

Anuncio

Instruído o expediente relativo a "**SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ANIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA XUVENTUDE (AREA DE COHESION E DINAMIZACION SOCIAL) E PARA O ESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL E SECTORIAL DE DIFUSION, RECUPERACION E RECREACION HISTORICA DA CIDADE DE LUGO E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACION E PEQUENAS REPARACIONES DAS INFRAESTRUCTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTES PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O EJERCICIO-2022**" cuxa convocatoria publicouse no BOP nº 222 de 27 de setembro de 2022, por medio do presente faise público que D. Mauricio Repetto Morbán, Concelleiro Delegado da Concellería de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social) ditou o Decreto nº 12155/2022, de 14/12/2022, polo que se **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- A aprobación da adxudicación e disposición do gasto das subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido da xuventude,(Área de Cohesión e Dinamización Social) e para e para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial de difusión, recuperación e recreación histórica da cidade de lugo e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestructuras nas que se levan a cabo estes programas e actividades para o exercicio-2022 " por un importe total de **9670,7 €**;

SEGUNDO.- A aprobación da concesión ás seguintes Entidades, segundo a seguinte taboa:

ENTIDADE	CIF	CONCESION
Asoc. Ara Roma	G 27489780	712,34
Asoc. Kertix	G 27511153	485,37
Asoc Lucus Equites	G27426550	645,14
Asoc Mercenarios Galaicos	G 27457233	913,95
Asoc Lucus Icenas Miliatore	G 27508076	537,62
Asoc Cohors III Lucensium	G27362771	1075,24
Aoc. Cohors Lucesium Praetoria	G 27442698	806,43
Asoc APSX Sagrado Corazón	G27118934	349,45
Asoc Trebas Galaicas	G 27421221	1182,76
Asoc xuvenil e cultural Ateibo	G27013309	591,38
Asoc Vestales de Lucus Augusti	G 27463033	435,60
Asoc Senatus Lucus Augusti	G 27442300	698,90
Asoc Salesiani Luci Augusti	G27454255	1236,52

TERCEIRO: Desestimar a solicitude da Asoc Clan de Breogán por presentada fora de prazo.

O CONCELLEIRO DELEGADO DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE E DEPORTES (ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL)

Lugo, 13/12/2022.- O CONCELLEIRO DELEGADO, MAURICIO REPETTO MORBAN.

R. 3719

POL

Anuncio

BASES QUE REXIRÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é establecer unha **bolsa de emprego para o posto de persoal no punto de atención á infancia**, para os casos de:

*Situacións de incapacidade temporal ou definitiva do titular do posto, en tanto non se cubra polo procedemento de provisión de postos de traballo legalmente previsto.

*Vacacións, licenza e permisos.

*Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

*Acumulación de tarefas no servizo.

*Calquera outra que esixa a contratación inmediata para atención do servizo.

O contrato o que se subscribirá será algún dos regulados no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en función da necesidade do servizo que motive o chamamento.

O sistema de selección é o concurso- oposición.

En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente e necesaria a súa utilización, polos

motivos que concurran no servizo, respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello, cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir postos vacantes ou necesidades temporais do servizo, aínda que houber constituída unha Bolsa concreta, convocar ex profeso un proceso selectivo.

2.- **NORMATIVA APLICABLE.-**

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas),
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables

3.- **FUNCIONS.-**

As funcións serán as propias do posto e categoría que se desempeña dacordo coa lexislación que lle é de aplicación.

4.- **PUBLICIDADE.-**

A presente convocatoria e bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios sito na Casa Consistorial do Concello de Pol.

5.- **CONDICIONS E REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-**

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación das solicitudes os seguintes requisitos:

a) Ser español ou cidadán dalgún dos Estados membros da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) **Titulación:**

- Grado ou Licenciado/a en pedagogía o psicopedagogía.

- Grado en maestro/a de educación infantil ou titulación equivalente (diplomado en maestro de educación infantil.)

d) Recoñecemento médico que acredite que non se padecen enfermidades infectocontaxiosas nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións.

e) Acreditación de coñecementos básicos en primeiros auxilios.

f) Certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

g) Acreditación do carné de manipulador de alimentos.

h) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

i) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

j) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.

k) **Galego:** Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de iniciación de lingua galega (Celga 4). Porén ás persoas que non acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo tendrán que superar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, que estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto,

castelán-galego ou galego-castelán, proposto polo Tribunal, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección será o de **concurso - oposición**. Non se avaliará o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes.

6.1. FASE DE CONCURSO.-

A baremación da fase do concurso da bolsa de emprego para a contratación persoal laboral temporal farase en función do seguinte baremo de méritos e puntuación:

6.1.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: (Máximo 2 puntos)

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de analoga natureza en Administracions Publicas: 0,10 puntos por mes traballado

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de análoga natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferior o mes.

Os contratos de xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional en base a vida laboral.

Acreditarase mediante a presentación de certificado- informe de vida laboral actualizado e expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e a copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa en modelo oficial no que conste a categoría profesional. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

6.1.2.- FORMACIÓN (Máximo 2 puntos):

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

De 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos

De 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos

De 60 horas a 99 horas: 0,40 puntos

De 100 horas a 149 horas: 0,70 puntos

De mais de 150 horas: 1 punto

Acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que debe constar o número de horas de formación realizada, o contido específico da formación, a data de realización do curso e si o curso é de asistencia, aproveitamento ou impartición.

Non se computarán cursos de menos de 20 horas nin xornadas, seminarios, congresos ou similares nin os certificados ou diplomas nos que non se especifique o programa formativo e a duración en horas da correspondente acción formativa. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

6.2. FASE DE OPOSICION.- (6 puntos)

A fase de oposición consistirá nun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatório.

O exercicio para contestar por escrito a un cuestionario de 20 preguntas con respostas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no **ANEXO I**, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase 1,00 puntos por resposta correcta. As respostas incorrectas ni as en branco non restarán.

Para superar a proba deberá sacarse un mínimo de 10 puntos, e o máximo será de 20 puntos. O aspirante que non supere a proba non pasará a formar parte da bolsa de emprego.

Igualmente, no caso de non posuir titulación acreditativa do coñecemento do Galego, valorarase o seu coñecemento a través dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, que estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán-galego ou galego-castelán, proposto polo Tribunal.

O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto

Porén ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 de xullo 2007, DOG do 30 de xullo de 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

7.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES.

As solicitudes para participar no presente proceso de formación de bolsa de emprego presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de **DEZ (10) días hábiles** no rexistro xeral do concello, en horario de 8:30 a 15.00 horas. Tamen poderán presentarse na forma en que determina o artigo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas.

O referido prazo computarase a partir do día seguinte á publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, achegándose a seguinte documentación:

- a) Anexo I (Instancia e declaración xurada).
- b) Copia compulsada do DNI.
- c) Copia compulsada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar.
- d) Acreditación documental xustificativa dos méritos. Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, na sede electrónica do Concello de POL.

8.- ADMISION DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, se dictará resolución, no prazo máximo de diezdías hábiles, aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Pol. Nesta lista indícarase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de **tres días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se fará pública do mesmo xeito.

Esta última resolución conterá o nombramento da Comisión Avaliadora así como o lugar, da reunión da Comisión Avaliadora, e data e hora da realización da fase da oposición (proba tipo test e proba de galego, de ser necesario).

Se non existisen candidatos excluídos, se elevará a definitiva a lista provisional, e na mesma resolución farase o nombramento da Comisión Evaluadora e lugar, datas e horas para a convocatoria da realización da proba e entrevista.

Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en dereito.

9. COMISION DE AVALIACION E SELECCIÓN-

A Comisión de selección será colexiada e constará, como mínimo, de Presidente, tres vocais e secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público e a Lei de Función Pública de Galicia.

O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poden suscitar na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario/a, titular ou suplente.

O réximen xurídico aplicable os tribunais de selección será o que se establece polo órganos colexiados na lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo o órgano que efectuara o seu nombramento, cando concurren entre eles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei de Réximen Xurídico do Sector Público.

Na sesión constitutiva da Comisión de Avaliación procederase a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, e a comisión formará unha lista coa orde de clasificación de todos os aspirantes segundo a puntuación final obtida na referida fase, e farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Pol así coma no lugar de celebración da fase de oposición. Levantarase acta da sesión.

Finalizada a fase de oposición, levantarase acta no que se recolla o resultado final do proceso así como proposta de lista definitiva, así como a proposta de integrantes da bolsa de emprego dos aspirantes por orden de puntuación.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase a maior puntuación obtida na fase de oposición; se persiste, pola seguinte orde de preferencia no baremo de méritos da fase concurso (1 experiencia profesional, 2º formación), e de persistir no empate por orden de presentación de solicitudes.

Para efectuar esta proposta, a Comisión avaliadora poderá pedir informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

10.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO. -

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados nas presentes bases, sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

No acordo de iniciación de cobertura de cada praza exporáse a necesidade e xustificación da urxencia da praza a proveer así como as circunstancias que amparan a necesidade do nomeamento ou contratación do persoal.

As comunicacións se farán exclusivamente por vía telefónica, para o cal os/as aspirantes deberán indicar ao menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis de un número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico o interesado dispoñera únicamente de 2 días laborables para formalizar o seu contrato laboral. Se pasado dito prazo, non se recibe contestación, se entenderá que desiste, pasando ao último lugar da lista. Os servizos de carácter urxente terán prioridade debendo contestar dita persona nun máximo de 24 horas.

Aos efectos de establecer a comunicación e en ausencia do propi@ interesad@ no número ou números indicados, bastará para entender realizado o contacto telefónico, tanto o deixar o correspondente aviso a outra persoa no número indicado, como deixar recado en contestador automático ou buzón de voz.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación de data, hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente.

Calquiera interesad@ integrante da lista, poderá consultar ésta, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente.

A presente bolsa se configura con rotación, que se producirá ao longo da vixencia da bolsa entre os integrantes da mesma en cada momento.

Os chamamentos á celebración de contratación de persoal do PAI farase de conformidade coa orden de puntuación obtida, coas seguintes condicións:

1.- A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concurra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Estar desempeñando outro posto de traballo con contrato en vigor, acreditarase mediante a presentación da copia do referido contrato. Os integrantes da bolsa poderán pedir que se suspendan os chamamentos para a mesma por estar desempeñando outro traballo; a suspensión, para ter tida en conta, deberá estar solicitada como mínimo 15 días antes do chamamento.

2.- Obtenida a conformidade do/a interesad@ a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá ao seu nomeamento ou contratación laboral, deixándose constancia no expediente da Bolsa utilizada e dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.

Os candidatos que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento.

As persoas que renuncien a dous chamamentos na mesma bolsa ou que non foran localizados en dous chamamentos, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa.

Aqueles integrantes da Bolsa que unha vez citados, non se presenten á citación, entenderase que rexeitaron a esta, pasando ao último lugar da lista, salvo que exista xustificación conforme ao xa mencionado.

11.- VIXENCIA DA BOLSA.

Esta bolsa de emprego terá como máximo unha **vixencia 2 anos**, salvo no suposto de que ditas prazas foran cubertas de maneira definitiva mediante a correspondente oferta de emprego.

Excepcionalmente, cando quedara agotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal. Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ó disposto nas presentes Bases.

12.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DO CONTRATO E RÉXIME DO MESMO.

Naqueles casos que proceda establecerase un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores, transcorrido este período conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ó mantemento do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Pol.

Por necesidades do servizo do Punto de Atención á Infancia, o Concello de Pol poderá modificar o número de horas a semana do posto de traballo ofertado antes da data tope de remate do mesmo.

13.- NORMAS FINAIS.-

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso Administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO BOP DE DATA.....

DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

.....

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO: MÓBIL:E-MAIL:

DOMICILIO COMPLETO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

.....

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente, presentando a seguinte documentación (tachar o que proceda):

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
- Copia compulsada do título académico esixido.
- Acreditación documental xustificativa dos seguintes requisitos esixidos:
 - ✓ Curso manipulador de alimentos.
 - ✓ Certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais en virtude do artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de protección do menor.
 - ✓ Recoñecemento médico que acredite que non se padecen enfermidades infectocontaxiosas nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións.
 - ✓ Acreditación de coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

Asimesmo declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos contitucionales ou estatutarios das Comunidades Autónoma, e que non me encontro incurso en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de constitución de bolsa de emprego, firmo a presente declaración, baixo a miña responsabilidade,

En Pol, a de de 2022

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL

ANEXO II: TEMARIO.

Tema 1.- Constitución Española. Título preliminar. Título I.

Tema 2.- O Municipio: organización e competencias.

Tema 3.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 4.- Ordenanza reguladora de funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Pol.

Tema 5.- O crecemento e desenvolvemento físico dos nenos/as de 0 a 3 anos. O desenvolvemento social e motor. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.

Tema 6.- As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís.

Tema 7.- A educación infantil para a saúde. Primeiros auxilios e enfermidades transmisibles máis comúns no/a neno/a de 0-3 anos. Profilaxis pasiva e vacinal dos nenos/as.

Tema 8.- A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico. A intervención do educador no xogo infantil.

Tema 9.- O xogo e o aprendizaxe escolar. Tipo e clases de xogos. Materiais e recursos. O recuncho como espazo lúdico e de aprendizaxe. A observación do xogo.

Tema 10.- O papel da familia na educación dos fillos. A familia como elemento imprescindible no proceso educativo. Canles de comunicación do centro coa familia.

Tema 11.- A educación infantil dos nenos con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá.

Tema 12.- Metodoloxías específicas no primeiro ciclo da educación infantil.

Tema 13.- Programación do primeiro ciclo de educación infantil para a consecución de capacidades xerais da etapa mediante a metodoloxía, obxectivos e contidos das áreas no currículo. Adaptacións curriculares.

Tema 14.- O desenvolvemento de diferentes linguaxes: verbal, musical, plástico e matemático na Educación Infantil. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Intervención educativa. Recursos actividades e materiais.

Tema 15.- Influencia das principais correntes pedagóxicas e psicolóxicas na educación infantil. A educación infantil na actualidade.

Tema 16.- O conto, o seu valor educativo. Criterios para a seleccionar, utilizar e narrar contos. Actividades a partir do conto.

Tema 17.- O desenvolvemento afectivo. Características da afectividade infantil. O desenvolvemento.

Pol, 7 de decembro de 2022.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3653

SARRIA

Anuncio

EXPEDIENTE: 1317/2019

PROCEDEMENTO: Organización do Goberno Municipal.

Fanse públicos os Decretos da Alcaldía relativos á reestruturación do goberno municipal operada en decembro de 2022:

DECRETO DO SR. ALCALDE Nº 2022-1320

CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ // En Sarria, o día cinco de decembro de dous mil vinte dous.

O día 11/07/2019 ditouse por esta alcaldía o Decreto 2019-0478 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e asignación de atribucións.

O día 11/07/2019 ditouse o Decreto 2019-0477 de nomeamento de Tenentes de Alcalde.

O día 19/11/2019 ditouse o Decreto 2019-840 de delegación de competencias da alcaldía nos tenentes de alcalde e nos concelleiros da corporación, modificando o anterior de data 12/07/2019.

Como consecuencia da perda da confianza outorgada por esta alcaldía ao cuarto tenente de alcalde e concelleiro delegado D. Benjamín Escontrela Díaz, faise necesario afrontar o seu cese e proceder a efectuar unha reestruturación das áreas de goberno municipal.

En virtude do anteriormente expresado,

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D. Benjamín Escontrela Díaz como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Sarria, con expreso agradecemento ao traballo realizado.

Segundo.- Cesar a D. Benjamín Escontrela Díaz como cuarto tenente de alcalde do Concello de Sarria, con expreso agradecemento ao traballo realizado.

Terceiro.- Cesar a D. Benjamín Escontrela Díaz no exercicio das competencias delegadas por esta alcaldía como Coordinador da Área de Servizos Social, con expreso agradecemento ao traballo realizado.

Cuarto.- Notificar esta resolución a D. Benjamín Escontrela Díaz, con expresión dos recursos que contra a mesma procedan.

Quinto.- Dar conta desta resolución ao Concello-Pleno e publicala ademais no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o seu xeral coñecemento, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data da sinatura electrónica.

Así o mandou e asina o Sr. alcalde, de que certifico.

DECRETO DO SR. ALCALDE Nº 2022-1340

CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ // En Sarria, o día sete de decembro de dous mil vinte dous.

O día 11/07/2019 ditouse por esta alcaldía o **Decreto 2019-0478**, de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local e asignación de atribucións.

Como consecuencia da renuncia formulada no seu día por D^a M^a Elena Real Rodríguez e logo do cesamento de D. Benjamín Escontrela Díaz como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Sarria, faise necesario proceder á modificación do punto 1º da dita resolución, que queda como segue:

1º.- Que a Xunta de Goberno, Presidida por esta Alcaldía, estará integrada por catro concelleiros, número non superior ó terzo do número legal dos mesmo, e que son os que a continuación se indican:

- REYES ABELLA GARCÍA.
- PEDRO ANTONIO LÓPEZ QUIROGA.
- MARÍA EUXENIA VALCÁRCEL LÓPEZ.
- FÉLIX SEIJAS FERNÁNDEZ.

Da presente Resolución darase conta ao Concello-Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o seu coñecemento xeral, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data da sinatura electrónica.

Así o mandou e asina o Sr. alcalde, de que certifico.

DECRETO DO SR. ALCALDE Nº 2022-1342

CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ // En Sarria, o día sete de decembro de dous mil vinte dous.

O día 11/07/2019 ditouse o **Decreto 2019-0477** de nomeamento de Tenentes de Alcalde.

Como consecuencia da renuncia formulada no seu día por D^a M^a Elena Real Rodríguez e logo do cesamento de D. Benjamín Escontrela Díaz como cuarto Tenente de Alcalde, faise necesario proceder á modificación do punto 1º da dita resolución, que queda como segue:

1º.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleiros:

Primeiro Tenente de Alcalde: REYES ABELLA GARCÍA.

Segundo Tenente de Alcalde: PEDRO ANTONIO LÓPEZ QUIROGA.

Terceiro Tenente de Alcalde: MARÍA EUXENIA VALCARCEL LÓPEZ.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. FÉLIX SEIJAS FERNÁNDEZ.

Os Tenentes de Alcalde, en canto tales, correspóndelles substituír a esta alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para o exercicio das súas funcións.

Da presente Resolución darase conta ao Concello-Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para o seu coñecemento xeral, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data da sinatura electrónica.

Así o mandou e asina o Sr. alcalde, de que certifico.

DECRETO DO SR. ALCALDE Nº 2022-1344

CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ // En Sarria, o día sete de decembro de dous mil vinte dous.

O día 19/11/2019 ditouse o Decreto **2019-840** de delegación de competencias da alcaldía nos tenentes de alcalde e nos concelleiros da corporación, modificando o anterior de data 12/07/2019.

Como consecuencia do cesamento de D. Benjamín Escontrela Díaz como concelleiro Coordinador da Área de Servizos Sociais do Concello de Sarria, faise necesario proceder á modificación do punto 1º da dita resolución, que queda como segue:

1º. Delegar as competencias das seguintes áreas de Goberno nos Concelleiros que se indican:

ÁREA DE SEGURIDADE CIADÁN, EMERXENCIAS, MOBILIDADE, ORDENACIÓN DO TRÁFICO, DEPORTES E OOA RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME.

COORDINADOR DE ÁREA: FELIX SEIJAS FERNÁNDEZ.

Policía Local e Seguridade cidadán.

Ordenación do tráfico rodado, emerxencias e protección civil municipal.

Xestión da política deportiva e programación das actividades deportivas municipais.

Xestión, dirección e planificación de todas as edificacións e instalacións deportivas municipais.

Xestión e dirección do OOA Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme.

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga3

5.3. **Outros requisitos** (complemento da base xeral 4 apartado h): permiso de conducir para camións sen límite de peso e remolques de mais de 750Kg, segundo a normativa vixente, C+E. (permiso de conducción tipo A,B,C e C+E)

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

A baremación do concurso está recollida na base xeral 12.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO EN OITO (8) PRAZAS DENOMINADAS OPERARIO/A, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 114, DO 20 DE MAIO DE 2022)- NO ANEXO II- NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque o Concello de Viveiro, aos que se refire a Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 – (BOP NÚM. 114, do 20 de maio de 2022)- cota xeral, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 8

N.º PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	CORRESPONDENCIA POSTO RPT	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
8	Operario/a	GAP	OP0.1/129 OP0.1/130 OP0.1/137 OP0.2/140 OP0.2/141 OP0.2/142 OP0.2/143 OP0.2/144	Operario/a	Xeral

3. RETRIBUCIÓN.

As prazas convocadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, segundo as retribucións establecidas na RPT para os postos o que se corresponde, actualizadas anualmente segundo as Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Viveiro para o postos co que se corresponde as prazas convocadas, ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección ou supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polo órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado b).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Non se require estar en posesión de titulación académica.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga2

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

A baremación do concurso está recollida na base xeral 12.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO EN UNHA (1) PRAZA DENOMINADA ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 114, DO 20 DE MAIO DE 2022)- NO ANEXO II- NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque o Concello de Viveiro, aos que se refire a Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - (BOP NÚM. 114, do 20 de maio de 2022)- cota xeral, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

N.º PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	CORRESPONDENCIA POSTO RPT	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
1	Encargado/a da brigada de parques e xardíns	C-C2	OP0.2/151	Encargado/a da brigada de parques e xardíns	Xeral

3. RETRIBUCIÓNS.

A praza convocada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, segundo as retribucións establecidas na RPT para o posto o que se corresponde, actualizadas anualmente segundo as Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Viveiro para o posto co que se corresponde a praza convocada, ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección ou supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polo órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado b).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 3

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

A baremación do concurso está recollida na base xeral 12.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO EN DOUS (2) PRAZAS DENOMINADAS OFICIAL/A PRIMEIRO/A PARQUES E XARDINS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 114, DO 20 DE MAIO DE 2022)- NO ANEXO II- NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque o Concello de Viveiro, aos que se refire a Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - (BOP NÚM. 114, do 20 de maio de 2022)- cota xeral, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 2

N.º PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	CORRESPONDENCIA POSTO RPT	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
2	Oficial/a primeiro/a parques e xardins	C-C2	OP0.2/152 OP0.2/139	Oficial/a primeiro/a parques e xardins	Xeral

3. RETRIBUCIÓN.

As prazas convocadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, segundo as retribucións establecidas na RPT para os postos o que se corresponde, actualizadas anualmente segundo as Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Viveiro para o postos co que se corresponde as prazas convocadas, ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección ou supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polo órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado b).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga3

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

A baremación do concurso está recollida na base xeral 12.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDEMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO EN UNHA (1) PRAZA DENOMINADA CAPATAZ/A DO GEM COORDINACIÓN DA AGRUPACIÓN LOCAL DE VOLUNTARIOS/AS DE PC, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 114, DO 20 DE MAIO DE 2022)- NO ANEXO II- NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª E 8ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque o Concello de Viveiro, aos que se refire a Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - (BOP NÚM. 114, do 20 de maio de 2022)- cota xeral, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 1

N.º PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	CORRESPONDENCIA POSTO RPT	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
1	Capataz/a do GEM coordinación da agrupación local de voluntarios/as de PC	C-C1	AS1-/151	Capataz/a do GEM coordinación da agrupación local de voluntarios/as de PC	Xeral

3. RETRIBUCIÓNS.

A praza convocada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, segundo as retribucións establecidas na RPT para o posto o que se corresponde, actualizadas anualmente segundo as Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Viveiro para o posto co que se corresponde a praza convocada, ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección ou supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polo órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado b).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e co apartado e) do art. 76 e a disposición transitoria 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público (TREBEP), será necesario estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións académicas oficiais:

TITULACIÓNS ACADÉMICAS

Bacharelato, Técnico/a (Formación Profesional Grao Medio), Formación Profesional Segundo Grao (FP II) ou equivalente.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 4

5.3. **Outros requisitos** (complemento da base xeral 4 apartado h): permiso de conducir para camións sen límite de peso e remolques de mais de 750Kg, segundo a normativa vixente, C+E. (permiso de conducción tipo A,B,C e C+E)

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

A baremación do concurso está recollida na base xeral 12.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.-A Alcaldesa, María Loureiro García.

Anuncio

Son obxecto do presente anuncio a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

CONVOCATORIA

Visto que os criterios xerais para o desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público de estabilización foron negociados en Mesa Xeral de Negociación sen ningún voto en contra e aprobados por Resolución de Alcaldía.

Vista a proposta de aprobación das bases xerais e específicas, que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego publicada no BOP de Lugo número 114, de 20 de maio de 2022, derivada do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Visto que dita proposta de bases xerais e específicas foi negociada en Mesa Xeral de Negociación sen ningún voto en contra.

Visto o informe da Secretaría Xeral do Concello de Viveiro que consta no expediente.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.h. da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego publicada no BOP de Lugo número 114, de 20 de maio de 2022, derivada do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante cota xeral, sistema de concurso-oposición e de acceso libre.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, específicas e os seus anexos, que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso-oposición para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego publicada no BOP de Lugo número 114, de 20 de maio de 2022, derivada do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases xerais, bases específicas e Anexos, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro e na súa páxina web (www.viveiro.es), así como enviándose extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

BASES REGULADORAS

BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL QUE SE CONVOCAN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO ANO 2022-TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (ART.2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), COTA XERAL SISTEMA CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

PREÁMBULO

O presente proceso selectivo ten como base a da Oferta de Emprego Público de estabilización de emprego temporal do Concello de Viveiro publicada no DOG N.º 97 de 20 de maio de 2022 e no BOP N.º 114 de 20 de maio de 2022.

A convocatoria destes procesos resulta obrigada dado o carácter imperativo da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade.

O artigo 2 da Lei 20/2021 establece que *"se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estén o no dentro de las relaciones de puestos de trabajo, plantillas u otra forma de organización de recursos humanos que estén contempladas en las distintas Administraciones Públicas y estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2020.*

Las ofertas de empleo que articulen los procesos de estabilización contemplados en el apartado 1, así como el nuevo proceso de estabilización, deberán aprobarse y publicarse en los respectivos diarios oficiales antes del 1 de junio de 2022 y serán coordinados por las Administraciones Públicas competentes.

La publicación de las convocatorias de los procesos selectivos para la cobertura de las plazas incluídas en las ofertas de empleo público deberá producirse antes del 31 de diciembre de 2022.

La resolución de estos procesos selectivos deberá finalizar antes del 31 de diciembre de 2024.”

A Disposición Adicional Sexta da referida norma indica que *“Las Administraciones Públicas convocarán, con carácter excepcional y de acuerdo con lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del TREBEP, por el sistema de concurso, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016.*

Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales y respetarán, en todo caso, los plazos establecidos en esta norma.”

A Disposición Adicional Octava da mentada norma indica que *Adicionalmente, los procesos de estabilización contenidos en la disposición adicional sexta incluirán en sus convocatorias las plazas vacantes de naturaleza estructural ocupadas de forma temporal por personal con una relación, de esta naturaleza, anterior al 1 de enero de 2016.*

A Disposición Adicional Novena da antedita norma, indica que *“En el marco de lo establecido en el TREBEP y en esta Ley, la administración de las Comunidades Autónomas, Entidades forales y locales, desarrollarán los procesos de estabilización y llevarán a cabo, en el marco de lo previsto en esta Ley, acuerdos con las organizaciones sindicales para lograr el objetivo de reducción de la temporalidad establecido en esta norma.*

Para executar a Oferta de Emprego Público cómpre aprobar as correspondentes convocatorias e bases de selección con anterioridade ao 31 de decembro de 2022.

Os criterios xerais para o desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público de estabilización foron negociados en Mesa Xeral de Negociación sen ningún voto en contra e aprobados por Resolución de Alcaldía.

As bases xerais regulan os aspectos comúns dos procesos selectivos aos que se refiren o artigo 2 e Disposición Adicional Sexta e Oitava da Lei 20/2021, sendo complementadas polas bases específicas para cada unha das prazas.

O proceso selectivo regulado nas presentes bases ten como finalidade a estabilización do emprego público do Concello de Viveiro, en cumprimento da Lei 20/2021, normalizando unha situación singular indesexada, na que arredor do 75% do persoal deste Concello conta cunha relación laboral temporal, interina ou indefinida no fixa; feito que se puxo de manifesto coa elaboración da Relación de Postos de Traballo. O caos organizativo e de recursos humanos existente no Concello ata o momento, no 2019, da elaboración da RPT e actualización da Plantilla de persoal ás prazas estruturais, impediu, a maiores das limitacións orzamentarias, a provisión destas prazas mediante a utilización dos procesos de estabilización que ata este momento se viñeron establecendo nas diferentes Leis de Orzamentos.

As presentes bases garanten os principios constitucionais sinalados no artigo 9.2 da LRBRL, 55.1, 55.2 e 61.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), 49 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como no artigo 2.4 da Lei 20/2021: libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, de conformidade coa doutrina xurisprudencial constitucional.

Establécese como sistema selectivo o concurso-oposición, cumprindo co disposto no artigo 2 da Lei 20/2021. Séguense as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021. Así mesmo cumpren cos criterios xerais aprobados.

No presente proceso selectivo de estabilización mediante concurso-oposición derivado do artigo 2 da Lei 20/2021 non se contemplan prazas para a reserva de discapacidade, en tanto en canto, unha vez aplicada a normativa na materia resulta unha porcentaxe inferior a unha praza, o que determina que non consten reservadas prazas para o turno de discapacidade.

O presente proceso selectivo conta con carácter especial, podendo considerarse excepcional en base á concepción do Tribunal Constitucional, para o que resulta necesario cumprir cos tres requisitos esixidos pola doutrina do TC para a diferenciación dos procesos de estabilización ou consolidación ao respecto dos procesos ordinarios á hora de establecer o contido destes procesos selectivos: que se trate dunha situación excepcional, que se acuda a estos procedementos por unha soa vez e que contén con habilitación legal.

O Concello de Viveiro procedeu á negociación en Mesa Xeral das presentes bases, non contando con ningún voto en contra, tomando como base o principio de autonomía local e o contexto organizativo e funcional que se contempla na Relación de Postos de Traballo vixente, publicada en data 30 de abril de 2019, dándose por reproducida a súa memoria no que atinxe á organización dos recursos humanos do Concello, RPT a través da que se estrutura a organización municipal, clasificando os postos de traballo e determinando o seu contido. Os méritos a valorar no concurso-oposición cumpren, tal e como esixe a normativa e segundo ven considerando a xurisprudencia cos principios xerais de acceso ao emprego público e foron definidos, como ven esixindo a xurisprudencia, en condicións xerais e abstractas, atendendo aos principios de mérito e capacidade e respondendo aos principios de eficacia e eficiencia na planificación dos recursos humanos das Administracións Públicas. Configúrase o sistema de concurso-oposición cunha fase previa, obrigatoria e eliminatória de

oposición, entrando en xogo o concurso únicamente tras a superación da fase de oposición. A ponderación establecida para cada unha das fases así como para cada un dos méritos a baremar na fase de concurso segue as orientacións da Resolución da Secretaría de Estado de Función Pública e adáptase á xurisprudencia constitucional para os procesos excepcionais derivados da estabilización de emprego temporal.

A Relación de Postos de Traballo do Concello de Viveiro conta cunha descrición funcional completa e pormenorizada de cada un dos postos, que se correlacionan coas prazas ofertadas, enmarcada dentro dunha estrutura organizativa propia, singularizada e especializada no exercizo das competencias propias e competencias distintas das propias que o Concello ten asumidas, para o seu desenvolvemento en cumprimento da normativa xeral e específica de aplicación, constituindo un feito diferencial obxectivo no exercicio das funcións de cada posto, así como na propia estrutura organizativa e funcional da Organización no seu conxunto.

Atendendo a que, por primeira vez no Concello de Viveiro (cunha porcentaxe de persoal temporal ou con relación laboral indefinida non fixa arredor do 75%) se leva a cabo un proceso xeral de estabilización de emprego temporal, que deriva da Lei 20/2021, e tendo en conta a propia organización funcional e cometido das prazas convocadas, segundo se indicou no parágrafo anterior, as presentes bases cumpren cos criterios xurisprudenciais establecidos nas st do TC 12/1999, 107/2003 ou 27/2012, entre outras, así como coa xurisprudencia do TS, tomando como referencia a recente sentenza de 24 de xuño de 2019, contando cuns criterios de selección proporcionais e razoables, garantindo en todo caso a libre concorrência e posibilidade de acceso ao emprego público en igualdade de condicións en base aos principios de mérito e capacidade segundo as esixencias xurisprudenciais e atendendo á especial natureza do presente proceso de estabilización.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1. É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns dos procesos selectivos excepcionais de estabilización que convoque o Concello de Viveiro, para a selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, aos que se refire a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público no Concello de Viveiro, incluídos na da Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no BOP Nº114 do 20 de maio de 2022; prevista no artigo 2 da Lei 20/2021.

1.2. Publicidade: A convocatoria, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), e con referencia no Diario Oficial da Comunidade Autónoma (DOG), no taboleiro de anuncios dixital da Entidade e na súa páxina web (www.viveiro.es).

As Bases Xerais, Específicas e anexos publicaranse tamén no BOP e con referencia no DOG, así como no taboleiro de anuncios dixital da Entidade e na súa páxina web (www.viveiro.es).

Publicarase anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, co contido establecido no artigo 6.2 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionarios da Administración Local.

2. NORMAS XERAIS.

2.1. As especificidades de cada proceso selectivo serán obxecto de regulación nas bases específicas que se aprobarán polo órgano competente para rexer cada convocatoria, e que serán obxecto de negociación en Mesa Xeral.

2.2. Atópanse obrigados a concorrer a este concurso-oposición a persoa ou persoas que estean a ocupar as prazas incluídas nesta convocatoria. A súa non participación determinará a imposibilidade de consolidar o posto de traballo e a ausencia de indemnización ou compensación económica (artigo 2.6 da Lei 20/2021).

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido nestas bases xerais e no non regulado nas mesmas, estarase ao disposto na:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), como norma básica do procedemento administrativo.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), a súas normas básicas sobre funcionamento de órganos colexiados.
- Polo disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- El Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Pola Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

- Polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e da Provisión dos Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Polo Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento da selección de funcionarios da Administración Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- E demais normativas que resulte de aplicación.

4. REQUISITOS XERAIS QUE POSUIRÁN OS/AS ASPIRANTES PARA PODER PARTICIPAR NO PRESENTE PROCESO SELECTIVO.

Os/As aspirantes deberán facer constar na solicitude que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que estarán en condicións de acreditarlos fehacientemente, unha vez seleccionados.

Para a admisión á realización das probas selectivas, será necesario reunir as seguintes condicións, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de participación:

- a)** Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b)** Posuír a titulación académica esixida: posuír a titulación que se requira nas bases específicas de cada convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estaren posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación
Titulacións universitarias pre-Bolonia: consideraranse válidas as licenciaturas para o acceso a postos do grupo A1/nivel I e as diplomaturas para o acceso a postos do subgrupo A2/nivel II, conforme se estableza nas bases específicas correspondentes.
- c)** Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d)** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira.
- e)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f)** Contar co nivel de galego determinado na bases específicas. Este requisito, de non cumprirse será substituído pola realización dunha proba segundo se establece nestas bases.

Será requisito necesario contar coa acreditación de poseer o nivel do coñecemento da lingua galega determinado nas bases específicas, ou acreditación equivalente. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente segundo a *ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). "Disposición adicional segunda. Valoración de méritos e requisitos*

Para a valoración de méritos, naqueles casos en que proceda, e para o acceso á función pública galega, así como naqueles procedementos en que se exixa o coñecemento da lingua galega, agás para o estipulado na letra c) do punto 5 do anexo I da presente orde, terá a mesma validez posuír as certificacións de aptitude dos niveis de lingua galega oral, iniciación e perfeccionamento (expedidas ao abeiro da Orde do 19 de xaneiro de 1989 e da Orde do 1 de abril de 2005, ou da normativa anterior) ca posuír as certificacións de aptitude dos Celga 1, Celga 3 e Celga 4, respectivamente."

No suposto de non contar coa mesma, os aspirantes deberán superar un examen de galego. Esta proba é obrigatoria para estes aspirantes. A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e calificarase con apto ou non apto.

- g)** Cumprir, no momento do nomeamento ou da formalización do contrato, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato á formalización do nomeamento ou contrato. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Viveiro, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado nomeamento deixaría de ter validez.

- h)** Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse nas correspondentes bases específicas.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Para participar nos procesos selectivos teranse que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

- Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.
- Deberán relacionarse os méritos na solicitude así como incorporar as acreditacións documentais dos mesmos.
- Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33% deberase indicar expresamente na solicitude.
- Deberá facerse constar na solicitude que se reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que se estará en condicións de acreditarlos, unha vez seleccionados.

5.1. Presentación. Os/As interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as solicitudes á Sra. Alcadesa do Concello de Viveiro no modelo oficial que se publica como Anexo II, destas Bases. Este modelo poderá descargarse gratuitamente da páxina web municipal (www.viveiro.es). **Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.**

Os/as aspirantes indicarán, no apartado sinalado na solicitude, se están afectados por unha minusvalía nun grado igual ou superior ao 33 por 100, e se precisan dalgunha adaptación ou previsión específica para o desenvolvemento das actuacións previstas no procedemento, de acordo coa base 9.5. No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o Certificado de medidas de adaptación para realizar as probas expedido polo equipo de valoración de diversidade funcional que corresponda.

O acceso a toda a documentación referente ao presente proceso selectivo realizarase a través da páxina web municipal www.viveiro.es, co seguinte percorrido: concello dixital-emprego- OEP 2022 LEI 20/2021 CONVOCATORIA EXCEPCIONAL ESTABILIZACIÓN ARTIGO 2. CONCURSO - OPOSICIÓN.

Toda a documentación que se publique con posterioridade á convocatoria, bases e anexos será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios dixital, así como, no seu caso, segundo corresponda e tal e como se establece nas presentes bases para cada fase do procedemento, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da páxina web municipal www.viveiro.es, co seguinte percorrido: concello dixital-sede electrónica-tablón de anuncios.

5.2.Prazo de presentación. O prazo de presentación das solicitudes será de vinte (20) días hábilescontados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), que será a que marque o prazo de presentación de instancias.

5.3. Lugar de presentación. A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro. Para as solicitudes de forma presencial o horario de atención ao público é de nove a catorce horas de luns a venres.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos obxecto de valoración que se incorporen á solicitude, para poder ser valorados, deberán ser orixinais ou copia auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, facerase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.

5.4. Cumprimentación.A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases, polos aspirantes/as e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.5. Defectos de prazo na presentación de solicitudes.

A non presentación da solicitude no prazo establecido suporá a exclusión da persoa aspirante.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

Coa solicitude os/as aspirantes presentarán os seguintes documentos:

a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola mesma e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores; ou calquer outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.

b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

c) Acreditación dos méritos para valorar na fase de concurso, de conformidade co previsto nas bases específicas.

Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizada e certificación dos servizos prestados expedida polo órgano competente a tal fin, na que conste:

- Para o persoal funcionario: tempo de servizos prestados, denominación da praza ou posto desempeñado, escala, subescala, grupo, subgrupo, área funcional e/o especialidade ou departamento.

- Para o persoal laboral: tempo de servizos prestados, denominación da praza ou posto, área funcional e/o especialidade ou departamento e titulación mínima esixida para exercer as funcións inherentes á praza ou posto desempeñado ou, en caso de ser posible, equiparación ao grupo e subgrupo establecido no artigo 76 TREBEP.

* En caso de non poder encadrar na certificación de servizos prestados a pertenza da praza ou posto desempeñado a unha área funcional e/o especialidade ou departamento concreto deberán constar expresamente as funcións inherentes á praza ou posto e principais desempeñadas, para os efectos exclusivos de que por parte do Tribunal se poida valorar se os servizos prestados se realizaron en praza ou posto similar á convocada.

Non se valorará o tempo de servizos prestados como persoal eventual, bolseiro/a, becario/a, contrato de arrendamento de servizos nin as prácticas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

A prestación de servizos a tempo parcial computarase en base ao tempo de xornada da praza que se convoca.

En cada apartado de valoración da experiencia os servizos prestados que se acrediten en anos transformaranse en meses, a razón de doce meses por ano e os expresados en días transformaranse en meses, a razón de trinta días naturais por mes.

Os días que, tras practicar estas operacións, resulten sobrantes, quedarán descartados para todos os efectos.

As certificacións de servizos prestados referentes á experiencia profesional no Concello de Viveiro serán incorporadas de oficio ao procedemento. A este fin os aspirantes deberán, no Anexo II, con respecto aos méritos que os aspirantes aleguen, referentes a experiencia no Concello de Viveiro, indicar expresamente os períodos de prestación de servizos, denominación da praza/posto/emprego, aportando, no seu caso, a documentación complementaria que cada aspirante considere ao efecto. As certificacións incorporaranse ao expediente unha vez concluído o período de presentación de instancias e unha vez realizadas de oficio por parte do Concello as comprobacións necesarias, certificando en todo caso, en base á documentación obrante no Concello e facendo coincidir o remate do período de prestación de servizos, no seu caso, co día de presentación da instancia por parte de cada interesado.

Forma de acreditar os cursos oficiais de formación e perfeccionamento:

Copia cotexada ou copia auténtica dos diplomas ou dos certificados dos cursos de formación, expedidos polo órgano competente que corresponda, no que deberán constar expresamente as horas. En caso de non constar as horas non será puntuado.

Forma de acreditar os estudos académicos:

Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación Académica, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela, aportando neste caso, certificación académica de que se realizaron todos os estudos para a súa obtención xunto co recibo acreditativo de ter efectuado o pago correspondente dos dereitos de expedición. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

Forma de acreditar os cursos de especialización de lingua galega ou niveis superiores ao esixido para o acceso á praza:

Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación dos cursos de especialización de lingua galega ou acreditación equivalente do nivel presentado. Terase en conta o establecido na base 4 das presentes bases.

d)Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación de posuír o nivel de galego esixido nas bases específicas de cada unha das prazas/postos que se convoquen ou acreditación equivalente. (determinado nas bases específicas ou acreditación equivalente). Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente. Terase en conta o establecido na base 4 das presentes bases.

e)Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente. Esta acreditación deberá presentarse no seguinte suposto:

- Cando se solicite a adaptación de probas no **Anexo II**.

De non presentarse a documentación na forma establecida no presente punto non será tida en conta. De non presentarse correctamente os documentos referidos nos apartados a) e b) o/a aspirante quedará excluído, sen prexuízo da posible subsanación de documentos trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, resultando posible a súa presentación no prazo de subsanación. Así mesmo tamén será posible a subsanación no referido prazo do resto de documentación aportada, así como da acreditación de posuír o nivel de galego esixido. En todo caso os requisitos deberán posuírse á data de finalizar o prazo de presentación de instancias.

7. NOTIFICACIÓNS A REALIZAR DURANTE O PROCEDEMENTO.

Trala publicación da convocatoria, anuncio da convocatoria e das presentes bases nos BOLETÍNS E DIARIOS OFICIAIS REFERIDOS, as sucesivas notificacións que se produzan no procedemento faranse mediante a correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia, e inserción de edictos no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios dixital. A data de publicación de cada un dos anuncios no BOP será a que marque o comezo dos prazos que correspondan así como o comezo dos prazos, no seu caso, para o exercicio das accións que procedesen fronte ao acto de que se trate. No suposto de publicacións que non requiran publicidade no BOP marcará o inicio dos prazos a data da inserción do edicto no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal.

Non obstante, a data de inicio do prazo de presentación de instancias vira marcada pola data de inserción de anuncio da convocatoria no BOE, de conformidade co disposto no artigo 5 das presentes bases.

8. LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, E SUBSANACIÓN DE SOLICITUDES.

8.1. Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable.

8.2. Prazo de alegacións e subsanación de documentación referente á exclusión (documentos a) e b) do artigo 6 das presentes bases), ou de documentación referente aos apartados c), d) e e).- A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es).

A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 6, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (10) dez días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto. Neste prazo tamén se poderá subsanar a documentación presentada ao respecto dos apartados c), d) e e). En ningún caso se poderá aportar, ao respecto dos méritos a valorar, méritos non aportados no prazo de presentación de instancias, incluso aínda que fosen referenciados no Anexo II pero non fosen acreditados documentalmente nese momento.

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

8.3. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.-

Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

Contra o acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos cabe a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende a súa publicación no BOP ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a súa publicación.

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos e excluídos ditarase e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e taboleiros resolución na que se nomeará aos membros do Tribunal de Selección.

8.4. Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Concello de Viveiro, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

9. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

9.1. Designación e composición do Tribunal.

O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente), será nomeado e citado para a súa constitución por Resolución de Alcaldía do Concello de Viveiro, publicándose a Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.

Composición:

a) Un Presidente.

b) Catro vogais. O Secretario será un dos vogais.

O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/o persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

9.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e /ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

9.3. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á Presidencia, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

A Presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias prevista no artigo 23.2 da LRXSP nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

A Presidencia do Concello de Viveiro, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta Resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

9.4. Constitución do Tribunal.

O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes), de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

9.5. Actuación do Tribunal.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.

Por cada sesión do Tribunal levantarase unha acta, que deberá figurar asinada polo Presidente e Secretario.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases, estando facultado para a súa interpretación no caso de dúbida, e estando facultado tamén para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da proba de

galego, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

O Tribunal continuará constituído ata que non se resolvan as reclamacións suscitadas no procedemento selectivo. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que deberán quedar acreditadas no expediente, unha vez constituído o Tribunal só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e será suficiente coa asistencia de tres deles para a validez das sesións.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a Presidencia ou a Secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal no suposto de solicitar adaptación de probas persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias. Se na súa realización lles xurdísen dúbidas respecto da capacidade do/da aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desempeñadas na praza á que se opta, poderase solicitar o correspondente dictame do órgano competente.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola LPACAP.

9.6. Indemnizacións.

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

10. O SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO – OPOSICIÓN.

A finalidade destas bases é contribuír á estabilización de emprego temporal ou interino por un emprego definitivo, todo iso ao amparo do disposto no artigo 2, apartado 4 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, do tenor literal seguinte: *“a articulación destes procesos selectivos, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións Públicas no desenvolvemento dos mesmos no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público”.*

O sistema de selección para a cobertura das prazas que se detallan no anexo I, correspondentes á convocatoria excepcional de estabilización do emprego temporal prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, será o de concurso – oposición, de conformidade co establecido na Lei 20-2021 en consonancia co artigo 61 do TREBEP.

A articulación destes procesos selectivos de estabilización garantirá, en todo caso, o cumprimento da libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

O sistema de selección será, tanto para o persoal funcionario como laboral, o de concurso oposición, cunha valoración na fase de concurso da porcentaxe que se estableza nestas bases sobre a puntuación total e o resto da porcentaxe que se estableza nestas bases na fase de oposición.

A fase de oposición valorarase cun 60% da puntuación total; non sendo eliminatorios os exercicios da fase de oposición.

A fase de concurso valorárase cun 40% da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate.

Os méritos da fase de concurso serán achegados de conformidade co establecido nas presentes bases e correspondentes bases específicas.

10.1. FASE DE OPOSICIÓN.

As bases específicas establecerán o programa de materias comúns e específicas.

A puntuación máxima da fase de oposición é de 60 puntos.

Os exercicios da fase de oposición de acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro non serán eliminatorios aínda que sí obrigatorios. Para superar esta fase de oposición será necesario alcanzar unha puntuación mínima de 25 puntos. Esta fase ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

A fase de oposición consistirá en dous exercicios:

10.1.1. PRIMEIRO EXERCICIO: 30 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 30 puntos; por conseguinte as persoas presentadas poderán realizar o segundo exercicio, independentemente da cualificación obtida neste.

O tempo máximo para realizar este primeiro exercicio será de 60 minutos.

Consistirá nun exercicio tipo test de 30 preguntas, máis 5 de reserva, con tres solucións alternativas, para realizar en 60 minutos a razón de 1 punto por cada pregunta contestada correctamente, descontando 0,10 puntos por pregunta contestada incorrectamente.

As preguntas deberán versar sobre os temas do temario que se especificará nas bases específicas.

10.1.2. SEGUNDO EJERCICIO: 30 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarese ata un máximo de 30 puntos.

O tempo máximo para realizar este segundo exercicio será de 60 minutos.

Consistirá en resolver por escrito un suposto práctico, cunha ou máis partes, que versará sobre o programa da oposición previsto nas bases específicas e que valorará a capacidade para aplicar os coñecementos ás situacións prácticas que se expoñan no suposto para realizar, o rigor analítico e a claridade e orde de ideas, a fin da elaboración dunha proposta razoada para a resolución das formulacións contidas no mesmo.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección con carácter previo á realización da proba, informando dos mesmos, antes ou na data de celebración da proba, ás persoas aspirantes.

Os programas incluídos nos procesos selectivos gardarán a debida conexión cos coñecementos e funcións que correspondan aos corpos, escalas e especialidades das prazas que se convocan.

Segundo o apartado 3 da Disposición adicional primeira. Medidas para o ámbito local da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

“Os procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local rexeranse polo disposto no artigo 2. Non serán de aplicación a estes procesos o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local”.

O contido dos programas dos procesos selectivos terá o número total de temas que se establece a continuación:

Grupo A, Subgrupo A1	45 temas
Grupo A, subgrupo A2	30 temas
Grupo C, Subgrupo C1	20 temas
Grupo C, Subgrupo C2	10 temas
GAP	5 temas

As bases específicas regularán os procedementos de acordo coa normativa vixente e de conformidade cos presentes criterios.

10.1.3. PROBA DE GALEGO.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria de conformidade co disposto nas presentes bases.

Realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica.

Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Para os grupos A e C: Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase unicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para castelán, cuxo contido correponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación.

Para os grupos GAP: Consistirá na realización dunha proba oral de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección, e avaliarase unicamente como apto ou non apto. Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego ou de galego para

castelán, cuxo contido correponderá ao nivel de galego esixido nas bases específicas, proposto polo Tribunal. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título esixido nas bases específicas ou equivalente homologado, segundo o establecido nas presentes bases de conformidade coa normativa de aplicación.

10.1.4. Citación para a realización dos exercicios.

Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro, citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas.

Unha vez publicada a data de realización do primeiro exercicio, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de celebración do resto de exercicios no BOP. A citación para a celebración dos restantes exercicios/probas realizarase na web municipal, no taboleiro de anuncios dixital e taboleiro físico así como no local de celebración do primeiro exercicio.

10.1.5. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar.

10.1.6. Identificación.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provisto/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais.

De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo.

10.1.7. Anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir o anonimato nas probas que pola súa natureza así o permitan.

O Tribunal anulará aquelas probas nas que figuren elementos (marcas, sinaturas...) que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan. Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

10.1.8. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con diversidade funcional que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con elo non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou mengue o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, de 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias da praza á que opta poderá solicitar ditame do órgano competente.

10.1.9. Criterios de corrección.

O Tribunal adoptará, con anterioridade á realización das probas, os criterios para a súa corrección informando ás persoas aspirantes antes da súa realización, nas probas nas que proceda pola súa natureza.

10.1.10. Publicación e alegación.

Os resultados faranse públicos no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello, no taboleiro de anuncios, na páxina web e no local de celebración, nun prazo máximo de (2) dous días hábiles dende a celebración de cada un dos exercicios.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de (3) tres días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

10.2. BAREMOS DE MÉRITOS.

Realizada a fase de oposición e a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que superaron a fase de oposición e, acreditaron ou superaron a proba de galego.

A puntuación máxima do concurso será de 40 puntos.

10.2.1. Criterios de valoración.

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmentemente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal. A estes efectos cómpre aclarar que unicamente se tomarán como méritos aqueles que figuren acreditados mediante orixinal ou copia auténtica, cumprindo neste último caso, cos requisitos establecidos no artigo 27 da lei 39/2015 (LPACAP). Non se valorarán méritos non aportados no prazo de presentación de instancias, aínda que resultará posible a subsanación dos méritos previamente aportados, segundo o establecido nas presentes bases.

10.2.2. Méritos a valorar:

A).- EXPERIENCIA PROFESIONAL: (MÁXIMO 36 PUNTOS)

A1.- Servizos prestados no Concello de Viveiro, mediante relación laboral ou funcionarial, en igual praza ou posto á convocada: 0,22 puntos por mes completo.

A2.- Servizos prestados no Concello de Viveiro noutra praza ou posto de traballo distinto á convocada, sempre que se trate dunha praza ou posto do mesmo grupo ou do grupo inmediatamente superior ou inferior (considerando para estes efectos o grupo C inmediatamente inferior aos grupos A e B, -atendendo á especialidade do grupo B e á súa inexistencia na RPT do Concello de Viveiro-): 0,12 puntos por mes completo.

A3.- Servizos prestados noutras Administracións locais, mediante relación laboral ou funcionarial, noutra praza ou posto similar á convocada: 0,14 puntos por mes completo.

Entendendo por similar os servizos prestados en prazas ou postos de natureza funcionarial ou laboral da mesma categoría á praza convocada e que garden similitude directa co contido e especialización da praza que se convoca (escala, subescala, grupo, subgrupo, área funcional e/o especialidade ou departamento para persoal funcionario e titulación mínima esixida para o desempeño da praza ou posto e área funcional e especialidade ou departamento para persoal laboral).

A4.- Servizos prestados noutras Administracións Públicas distinta da local, mediante relación laboral ou funcionarial, noutra praza ou posto similar á praza convocada: 0,08 puntos por mes completo.

Entendendo por similar os servizos prestados en prazas ou postos de natureza funcionarial ou laboral da mesma categoría á praza convocada e que garden similitude directa co contido e especialización da praza que se convoca (escala, subescala, grupo, subgrupo, área funcional e/o especialidade ou departamento para persoal funcionario e titulación mínima esixida para o desempeño da praza ou posto e área funcional e especialidade ou departamento para persoal laboral).

A5.- Servizos prestados en sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios do sector público, mediante relación laboral noutra praza ou posto similar á praza convocada: 0,14 puntos por mes completo.

Entendendo por similar os servizos prestados en prazas ou postos de natureza funcionarial ou laboral da mesma categoría á praza convocada e que garden similitude directa co contido e especialización da praza que se convoca (escala, subescala, grupo, subgrupo, área funcional e/o especialidade ou departamento para persoal funcionario e titulación mínima esixida para o desempeño da praza ou posto e área funcional e especialidade ou departamento para persoal laboral).

B).- OUTROS MÉRITOS (MÁXIMO 4 PUNTOS)

B1.-Criterios de valoración de cursos oficiais de formación e perfeccionamento:

Por asistencia ou asistencia con aproveitamento a máster, cursos, xornadas, seminarios ou congresos, de formación e perfeccionamento impartidos, avalados, autorizados ou organizados por administracións públicas, universidades públicas e privadas, colexios profesionais, organizacións sindicais derivados do Acordo de Formación para o emprego das Administracións Públicas, federacións ou outras entidades públicas; valorándose coa seguinte escala de puntuación:

Acceso aos grupos A1	0,010 puntos por hora
Acceso aos grupos A2	0,0125 puntos por hora

Acceso aos grupos C1	0,0166 puntos por hora
Acceso aos grupos C2	0,025 puntos por hora
Acceso aos grupos GAP	0,05 puntos por hora

Valorarase a asistencia ou asistencia con aproveitamento a aqueles cursos cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza convocada á que se pretende acceder.

Non se valorará:

- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de accións formativas.
- Materias que formen parte de cursos/másteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo.
- Máis dunha edición correspondente a un mesmo curso nin os pertencentes a unha carreira universitaria, as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica nin os de doutoramento.
- Os cursos que non acrediten as datas de realización e/o as horas ou meses de duración.

B2.-Criterios de valoración por estudos académicos:

Valorarase ata un máximo de 1 punto a titulación académica diferente á esixida para o acceso á praza, sempre que sexa distinta e de igual ou superior nivel á esixida, de acordo coa seguinte escala:

Título de Doutor/a, Licenciado/a ou equivalente	1 punto
Título de Grao ou equivalente	0,75 puntos
Título de bacharel ou equivalente	0,5 puntos
Título de graduado en ESO ou equivalente	0,25 puntos

Só se valorarán as titulacións recoñecidas polo ministerio competente na materia, así como os títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo citarse no caso de equivalencia de titulación a disposición na que se establece a mesma, e, no seu caso, o BOE no que se publica. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da Credencial que acredite a súa homologación.

B3.- Criterios de valoración da Lingua galega:

Valorárese os cursos de especialización de lingua galega así como os niveis distintos aos esixidos pola normativa vixente para cada unha das prazas, a razón de 0,25 puntos por curso.

11. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación do proceso selectivo virá dada polo resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición (máximo 60 puntos; mínimo 25 puntos) e na fase de concurso (pola puntuación en experiencia e noutros méritos, ata un máximo de 40 puntos) sen que o total poida superar os 100 puntos.

11.1. Resolución dos empates:

En caso de empate na cualificación final obtida procederase da seguinte forma para resolvelo, tendo en conta que se trata dun proceso de estabilización:

1º.- Maior puntuación da persoa aspirante na fase de concurso.

2º.- Maior puntuación da persoa aspirante no apartado de experiencia, subapartado A1.- Servizos prestados no Concello de Viveiro, mediante relación laboral ou funcionarial, en igual praza ou posto á convocada. (entre 0 e 36 puntos)

3º.- Maior número de meses ininterrompidos acreditados na praza que se convoca.

4º.- Maior puntuación da persoa aspirante no apartado de experiencia, subapartado A3.- Servizos prestados noutras Administracións locais, mediante relación laboral ou funcionarial, noutra praza ou posto similar á convocada (entre 0 e 36 puntos).

5º.- Maior puntuación da persoa aspirante na fase de oposición.

6º.- Orde alfabético do primeiro apelido, segundo apelido e nome sucesivamente, tendo en conta a letra resultante do sorteo realizado públicamente polo Tribunal. En caso de permanencia de empate sorteo público entre os aspirantes que continúen empatados.

12. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN E PROPOSTA DE INCORPORACIÓN NAS LISTAXES DE EMPREGO TEMPORAL.

12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando o Presidente do Tribunal a proposta de nomeamento ou contratación ante a Alcaldía.

Calquera proposta de persoas seleccionadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación. Así mesmo esta listaxe servirá para a confección dunha lista de emprego segundo se establece nas presentes bases.

12.2. Publicación.

O resultado do proceso publicarase no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica.

12.3. Orde de aspirantes non seleccionados.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados superaron o proceso selectivo, quedando ordenados segundo as puntuacións acadadas na cualificación final para a súa incorporación nunha lista de emprego para nomeamentos ou contratacións por substitucións ou vacantes nas prazas convocadas ou en prazas de mesma escala, subescala, grupo e subgrupo.

12.4. Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal e orde de aspirantes non seleccionados.

A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de seleccionados, na que constará o aspirante ou aspirantes seleccionados en base á proposta do Tribunal. Esta resolución conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.

12.5. Publicación da Resolución de Alcaldía.

A Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

13. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

13.1 Documentos a presentar:

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.

13.2. Prazo de presentación.

As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

13.3. Lugar de presentación.

A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público é de nove a catorce horas de luns a venres.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, facerase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.

13.4. Falta de presentación de documentos.

Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 13.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados.

14. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.

14.1 Órgano competente.

A Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 13.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

14.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

14.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

15. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

15.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

15.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

16. FUNCIONAMENTO DA LISTA DE EMPREGO.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, segundo o indicado nas presentes bases, os aspirantes presentados e baremados que non foron seleccionados pasarán a formar parte dunha lista de emprego.

Os aspirantes que non desexen formar parte das listas de emprego deberán presentar escrito de renuncia ante a Administración convocante.

Os posibles empates na puntuación dos aspirantes que haxan de formar parte de dita lista de emprego serán dirimidos antes da publicación da listaxe, mediante o criterio de orde alfabético do primeiro apelido, segundo apelido e nome sucesivamente, tendo en conta a letra resultante do sorteo realizado públicamente polo Tribunal. En caso de permanencia de empate sorteo público entre os aspirantes que continúen empatados.

16.1. Duración da lista de emprego.

As listas de emprego das presentes bases terán unha duración indefinida ata a súa derogación expresa.

16.2. Chamamentos.

- a) A bolsa de emprego usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida no proceso selectivo.
- b) Os nomeamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal motivadas por renuncia, incapacidade temporal ou calquera outra causa que conleve a imposibilidade de prestación de servizos pola persoa nomeada para ocupar a praza ofertada por esta convocatoria, así como a cobertura temporal para substitucións ou por vacante dentro da mesma escala, subescala, grupo e subgrupo.
- c) Calquera integrante da lista de emprego definitiva poderá darse de baixa en calquera momento antes de ser requirido para un nomeamento, bastando para elo que o comunique por escrito presentándoo no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- d) O ofrecemento realizarase por calquera medio que permita a súa constancia, e os interesados deberán confirmar a súa aceptación nun prazo máximo de dous días hábiles dende o envío da comunicación. No suposto de queo interesado non manifeste a súa aceptación por calquera medio en que quede constancia no prazo referido, entenderase que se rexeita o ofrecemento e pasarase á seguinte persoa da lista en disposición de incorporarse e así sucesivamente. Os aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da lista.

Os efectos para os aspirantes polo seu rexeitamento inxustifico do nomeamento regulase do seguinte xeito:

- O primeiro rexeitamento non implicará penalización.
- O segundo rexeitamento suporá pasar a ocupar o último posto da lista.
- O terceiro rexeitamento suporá a baixa definitiva da lista.

Non se considerará rexeitamento a un ofrecemento o caso das mulleres embarazadas que así o manifesten e xustifiquen ao ser requiridas, si tal estado é incompatible, segundo os criterios preventivos, co exercicio da actividade do posto a cubrir coa lista do que se trate. Entenderase así mesmo por rexeitamento xustifico situacións de emprego ou incapacidade.

e) As persoas que estando nomeadas en virtude desta lista cesaran por motivos disciplinarios, causarán baixa na mesma. De igual forma se actuará no suposto de cese voluntario.

17. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

18. RÉXIME DE RECURSOS.

Contra a aprobación das presentes bases caberá a interposición de recurso potestativo de reposición no prazo dun mes dende o día seguinte a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses.

Este réxime de recursos tamén caberá contra os actos que se deriven do desenvolvemento do presente proceso selectivo que teñan a condición de poñer fin a vía administrativa ou se trate de actos de trámite que decidan directa o indirectamente o fondo do asunto.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Viveiro, 12 de decembro de 2022.- A alcaldesa, María Loureiro García.

ANEXO I

PRAZAS OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PRAZAS FUNCIONARIOS (ACCESO LIBRE. SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN. APLICACIÓN TAXA ADICIONAL ESTABILIZACIÓN ARTIGO 2 LEI 20/021).

DENOMINACIÓN	TOTAL PRAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	OBSERVACIÓN-CORRESPONDENCIA POSTOS RPT
VIXIANTES DE URBANISMO	1	ESC. ADM. ESP. SUB. SERV. ESP.	C2	SX5.4/033
TÉCNICO/A DO ARQUIVO	1	ESC. ADM. ESP. SUB. TÉC.	A2	SX6.3/036

PROCESO DE ESTABILIZACIÓN PRAZAS LABORAIS (ACCESO LIBRE. SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN. APLICACIÓN TAXA ADICIONAL ESTABILIZACIÓN ARTIGO 2 LEI 20/2021).

DENOMINACIÓN	TOTAL PRAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	OBSERVACIÓN-CORRESPONDENCIA POSTOS RPT
TÉCNICO/A MUNICIPAL DE EMPREGO E ORIENTACIÓN LABORAL, RESPONSABLE	1	ESC. ADM. ESP. SUB. DE XEST.	A2	PE1.2/104
RECEPCIONISTA DA PISCINA	1	ESC. ADM. ESP. XUB. AUX.	C2	Xornada parcial EC3.1/089
OFICIAL/A PRIMEIRA CONDUCTOR	1	ESC. ADM. ESP. SUB. SERV. ESP.	C2	AS1-/153
OPERARIO//A	1	ESC. ADM. ESP. SUB. SERV. ESP.	GAP	OP0.1/131

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE OFERTA DE EMPREGO prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

DATOS DA CONVOCATORIA	
PROCESO SELECTIVO	ANEXO II-ESTABILIZACIÓN ART. 2 LEI 202/2021.-CONCURSO-OPOSICIÓN
DENOMINACIÓN PRAZA	
RÉXIME XURÍDICO	
DATA BOP	
DATOS PERSOA ASPIRANTE	
NOME	
PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO	
DNI	
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN	
NOME DE VÍA	
NÚMERO	
PISO	
PORTA	
CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	
PROVINCIA	
PAÍS	
TELÉFONO FIXO/MÓBIL	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
MEDIO DE NOTIFICACIÓN ELEXIDO (ELECTRÓNICO OU EN PAPEL)	

REQUISITOS PARTICIPACIÓN	
TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA, NO SEU CASO NAS BASES ESPECÍFICAS	
OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS, NO SEU CASO, NAS BASES ESPECÍFICAS	
NIVEL DE GALEGO ESIXIDO NAS BASES ESPECÍFICAS	
ADAPTACIÓN DE PROBAS DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%	
GRAO DE DISCAPACIDADE QUE TEN CERTIFICADA	
ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA	

RELACIÓN DE MÉRITOS. Deberán relacionarse os méritos que se queiran facer constar para o concurso (os non relacionados non serán tidos en conta polo Tribunal).

As acreditacións documentais dos méritos terán que incorporarse á presente solicitude (os non incorporados antes do remate do prazo de presentación de instancias non serán tidos en conta. Os méritos non acreditados como se establece nas bases tampouco non serán tidos en conta polo Tribunal, sen prexuízo da posibilidade de subsanación).

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL apartado A.1.-CONCELLO DE VIVEIRO
(igual praza ou posto á convocada segundo a base 12.2)

DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	DATA INICIO SERVIZOS	DATA SERVICIOS	FINALIZACIÓN

**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL apartado A.2.-CONCELLO DE VIVEIRO
(diferente praza ou posto á convocada), cos requisitos establecidos na base 12.2)**

DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	DATA INICIO SERVICIOS	DATA SERVICIOS	FINALIZACIÓN

**A) EXPERIENCIA PROFESIONAL apartado A.3.-OUTRAS ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
(cos requisitos establecidos na base 12.2)**

DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	DATA INICIO SERVICIOS	DATA SERVICIOS	FINALIZACIÓN

